



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA AS ACTUACIÓNS DA TERCEIRA CAMPAÑA DE ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA NO XACEMENTO DE TRALOCASTRO (GA15036002), (SAN XOÁN DE ESMELLE, FERROL). CAMPAÑA 2025.

MEMORIA TRANSPARENCIA

Ángel Miramontes Carballada, director xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña, o instrumento conxencial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de outubro de 2025.

Que o instrumento conxencial ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña para as actuacións da terceira campaña de escavación arqueolóxica no xacemento de Tralocastro, San Xioán de Esmelle, (GA15036002), Ferrol. Campaña 2025, A Coruña para as actuacións da terceira campaña de escavación arqueolóxica no xacemento de Tralocastro, (San Xoán de Esmelle, Ferrol)

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento conxencial asinado se fundamentan no seguinte:

En setembro de 2022 a Universidade da Coruña e o Concello de Ferrol asinaron un convenio para a creación dunha Cátedra institucional vinculada ao ámbito da arqueoloxía e da educación no patrimonio cultural. A “Cátedra de Arqueoloxía e Educación Patrimonial” ten a súa sede na Facultade de Humanidades e Documentación do campus de Ferrol (Universidade da Coruña), baixo a dirección de Juan Luis Montero Fenollós, profesor titular de Historia Antiga.

Un dos obxectivos da Cátedra é a escavación e valorización do Castro de Tralocastro,



localizado na parroquia de San Xoán de Esmelle, ao Norte do concello de Ferrol, nun pequeno outeiro de 120 m de altura. O castro defínese por un primeiro recinto central que artella varias liñas de defensa situadas en torno a el, cunha extensión total de 2 hectáreas. Conta con tres liñas de defensa, con excepción da súa área NW, na que soamente se documentan dúas. Na banda E, a máis fortificada, destaca a posible presenza de varias áreas de acceso que, dende unha análise superficial, se suceden de xeito consecutivo. Non se descarta que poida existir un segundo acceso exterior na banda N-NE.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio detallado, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

